



AXENCIA GALEGA
DE SERVIZOS SOCIAIS

AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS (AGASS) CONTAS ANUAIS 2024

Edificio Administrativo San Caetano S/N
15781 Santiago de Compostela
Tél. 981 54 56 18
axenciagalega.servizosociais@xunta.gal





DILIXENCIA DE FORMULACIÓN DAS CONTAS ANUAIS A 31/12/2024



DILIXENCIA FORMULACIÓN CONTAS ANUAIS

A Axencia Galega de Servizos Sociais é una entidade pública instrumental, creada mediante o Decreto 40/2014 do 20 de marzo, polo que se crea a Axencia Galega de Servizos Sociais e se aproban os seus estatutos, que aplica na elaboración das contas do exercicio 2024 o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, aprobado por Orde do Conselleiro de Economía e Facenda de 28 de novembro de 2001, sendo de aplicación obrigatoria a partir do 1 de xaneiro de 2002 e manténdose actualmente vixente.

As contas anuais do exercicio 2024, son formuladas polo director da Axencia Galega de Servizos Sociais e someteranse á consideración do Consello Reitor para a súa aprobación. Preparáronse a partir dos rexistros contables da Entidade e preséntanse de acordo co Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, de forma que mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico – patrimonial e da execución do orzamento da Axencia.

Para a súa elaboración seguíronse os principios contables establecidos no referido Plan Xeral aplicando as normas de valoración que o desenvolven.

A Axencia Galega de Servizos Sociais contabiliza todas as súas operacións a través da aplicación denominada XUMCO.

As cifras contidas nos documentos que compoñen estas contas están expresadas en euros.

O director da Axencia Galega de Servizos Sociais
(Disposición transitoria 1ª do Decreto 40/2014 do 20 de marzo)

Jacobo Rey Sastre
(Asinado dixitalmente)





BALANCE A 31/12/2024



BALANCE A 31 DE DECEMBRO DE 2024
(Expresado en euros)

Nº CTAS.	ACTIVO	31/12/2024	31/12/2023
	A) INMOBILIZADO	6.413.199,98	5.753.338,35
	<i>I. Investimentos destinados ao uso xeral</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
200	1. Terreos e bens naturais	0,00	0,00
201	2. Infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	0,00	0,00
208	3. Bens do Patrimonio histórico, artístico e cultural	0,00	0,00
	<i>II. Inmobilizacións inmateriais</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
210	1. Gastos de investigación e desenvolvemento	0,00	0,00
212	2. Propiedade industrial	0,00	0,00
215	3. Aplicacións informáticas	0,00	0,00
216	4. Propiedade intelectual	0,00	0,00
217	5. Dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro	0,00	0,00
219	6. Outro inmovilizado inmaterial	0,00	0,00
(281)	7. Amortizacións	0,00	0,00
	<i>III. Inmobilizacións materiais</i>	<i>6.413.199,98</i>	<i>5.753.338,35</i>
220, 221	1. Terreos e construcións	6.003.498,20	5.386.976,15
223	2. Instalacións técnicas, maquinaria e ferramentas	478.186,94	434.847,36
226	3. Mobiliario	318.916,89	318.916,89
227, 228, 229	4. Outro inmovilizado	0,00	0,00
(282)	5. Amortizacións	-387.402,05	-387.402,05
23	<i>IV. Investimentos xestionados</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
	<i>V. Investimentos financeiros permanentes</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
250, 251, 256	1. Carteira de valores a longo prazo	0,00	0,00
252, 253, 257	2. Outros investimentos e créditos a longo prazo	0,00	0,00
260, 265	3. Fianzas e depósitos constituídos a longo prazo	0,00	0,00
(287)	4. Provisións	0,00	0,00
27	B) GASTOS A DISTRIBUÍR EN VARIOS EJERCICIOS	0,00	0,00
	C) ACTIVO CIRCULANTE	4.462.385,54	4.102.813,89
	<i>I. Existencias</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
30	1. Comerciais	0,00	0,00
31, 32	2. Materias primas e outros aprovisionamentos	0,00	0,00
33, 34	3. Produtos en curso e semiterminados	0,00	0,00
35	4. Produtos terminados	0,00	0,00
36	5. Subprodutos, residuos e materiais recuperados	0,00	0,00
(39)	6. Provisións	0,00	0,00
	<i>II. Debedores</i>	<i>4.482.025,71</i>	<i>4.120.396,90</i>
43	1. Debedores orzamentarios	4.205.432,28	2.984.993,63
44	2. Debedores non orzamentarios	0,00	0,00
45	3. Debedores por administración de recursos por conta doutros entes públicos	0,00	0,00
470, 471, 472	4. Administracións Públicas	0,00	0,00
550, 555, 558	5. Outros debedores	276.593,43	1.135.403,27
(490)	6. Provisións	0,00	0,00
	<i>III. Investimentos financeiros temporais</i>	<i>-19.640,17</i>	<i>-17.583,01</i>
540, 541, 546, (549)	1. Carteira de valores a curto prazo	0,00	0,00
542, 543, 544, 545, 547, 548	2. Outros investimentos e créditos a curto prazo	-19.640,17	-17.583,01
565, 566	3. Fianzas e depósitos constituídos a curto prazo	0,00	0,00
(597), (598)	4. Provisións	0,00	0,00
57	<i>IV. Tesorería</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
480, 580	<i>V. Axustes por periodificación</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
	TOTAL XERAL (A+B+C)	10.875.585,52	9.856.152,24

Nº CTAS.	PASIVO	31/12/2024	31/12/2023
	A) FONDOS PROPIOS	10.502.401,41	9.510.721,63
	<i>I. Patrimonio</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
100	1. Patrimonio	0,00	0,00
101	2. Patrimonio recibido en adscrición	0,00	0,00
103	3. Patrimonio recibido en cesión	0,00	0,00
(107)	4. Patrimonio entregado en adscrición	0,00	0,00
(108)	5. Patrimonio entregado en cesión	0,00	0,00
(109)	6. Patrimonio entregado ao uso xeral	0,00	0,00
11	<i>II. Reservas</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
	<i>III. Resultados de exercicios anteriores</i>	<i>9.510.721,63</i>	<i>7.694.043,15</i>
120	1. Resultados positivos de exercicios anteriores	9.510.721,63	7.694.043,15
(121)	2. Resultados negativos de exercicios anteriores	0,00	0,00
129	<i>IV. Resultados do exercicio</i>	<i>991.679,78</i>	<i>1.816.678,48</i>
14	B) PROVISIÓNS PARA RISCOS E GASTOS	13.069,32	13.069,32
	C) ACREDORES A LONGO PRAZO	0,00	0,00
	<i>I. Emisións de obrigacións e outros valores negociables</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
150	1. Obrigacións e bonos	0,00	0,00
155	2. Débedas representadas noutros valores negociables	0,00	0,00
156	3. Xuros de obrigacións e outros valores	0,00	0,00
158, 159	4. Débedas en moeda estranxeira	0,00	0,00
	<i>II. Outras débedas a longo prazo</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
170, 176	1. Débedas con entidades de crédito	0,00	0,00
171, 173, 177	2. Outras débedas	0,00	0,00
178, 179	3. Débedas en moeda estranxeira	0,00	0,00
180, 185	4. Fianzas e depósitos recibidos a longo prazo	0,00	0,00
259	<i>III. Desembolsos pendentes sobre accións non esixidos</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
	D) ACREDORES A CURTO PRAZO	360.114,79	332.361,29
	<i>I. Emisións de obrigacións e outros valores negociables</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
500	1. Obrigacións e bonos a curto prazo	0,00	0,00
505	2. Débedas representadas noutros valores negociables	0,00	0,00
506	3. Xuros de obrigacións e outros valores	0,00	0,00
508, 509	4. Débedas en moeda estranxeira	0,00	0,00
	<i>II. Débedas con entidades de crédito</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
520	1. Préstamos e outras débedas	0,00	0,00
526	2. Débedas por xuros	0,00	0,00
	<i>III. Acredores</i>	<i>360.114,79</i>	<i>332.361,29</i>
40	1. Acredores orzamentarios	124.637,75	123.025,61
41	2. Acredores non orzamentarios	-17.456,59	-15.786,32
45	3. Acredores por administración de recursos por conta doutros entes públicos	0,00	0,00
475, 476, 477	4. Administracións Públicas	395.526,42	368.306,86
521, 523, 527, 528, 529, 550, 554, 559	5. Outros acredores	-142.592,79	-143.184,86
560, 561	6. Fianzas e depósitos recibidos a curto prazo	0,00	0,00
485, 585	<i>IV. Axustes por periodificación</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
	TOTAL XERAL (A+B+C+D)	10.875.585,52	9.856.152,24





CONTA DE RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL A 31/12/2024





CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL DO EXERCICIO REMATADO
A 31 DE DECEMBRO DE 2024
(Expresado en euros)

Nº CTAS.	DEBE	31/12/2024	31/12/2023
	A) GASTOS	17.203.390,10	15.850.615,95
71	1. Redución de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación	0,00	0,00
	2. Aprovisionamentos	0,00	0,00
600, (608), (609), 610*	a) Consumo de mercadorías	0,00	0,00
601, 602, (608), (609), 611*, 612*	b) Consumo de materias primas e outras materias consumibles	0,00	0,00
607	c) Outros gastos externos	0,00	0,00
	3. Outros gastos de xestión ordinaria	17.203.390,10	15.850.615,95
	a) Gastos de persoal:	14.770.837,22	13.668.475,15
640, 641	a.1) Soldos, salarios e asimilados	12.321.072,49	11.188.376,48
642, 644	a.2) Cargas sociais	2.449.764,73	2.480.098,67
645	b) Prestacións sociais	0,00	0,00
68	c) Dotacións para amortizacións de inmovilizado	0,00	0,00
	d) Variación de provisións de tráfico	0,00	0,00
	d.1) Variación de provisións de existencias	0,00	0,00
693, (793)	d.2) Variación de provisións e perdas de créditos incobrables	0,00	0,00
675, 694, (794)	e) Outros gastos de xestión	2.432.552,88	2.182.140,80
62	e.1) Servizos exteriores	2.432.552,88	2.182.140,80
63	e.2) Tributos	0,00	0,00
676	e.3) Outros gastos de xestión corrente	0,00	0,00
	f) Gastos financeiros e asimilables	0,00	0,00
	f.1) Por débedas	0,00	0,00
661, 662, 663, 665, 669	f.2) Perdas de investimentos financeiros	0,00	0,00
666, 667	g) Variación das provisións de investimentos financeiros	0,00	0,00
696, 698, 699, (796), (798), (799)	h) Diferenzas negativas de cambio	0,00	0,00
668	4. Transferencias e subvencións	0,00	0,00
	a) Transferencias correntes	0,00	0,00
650	b) Subvencións correntes	0,00	0,00
651	c) Transferencias de capital	0,00	0,00
655	d) Subvencións de capital	0,00	0,00
656	5. Perdas e gastos extraordinarios	0,00	0,00
	a) Perdas procedentes de inmovilizado	0,00	0,00
670, 671	b) Perdas por operacións de endebedamento	0,00	0,00
674	c) Gastos extraordinarios	0,00	0,00
678	d) Gastos e perdas doutros exercicios	0,00	0,00
679			
	AFORRO	991.679,78	1.816.678,48

Nº CTAS.	HABER	31/12/2024	31/12/2023
	B) INGRESOS	18.195.069,88	17.667.294,43
	1. Ventas e prestacións de servizos	0,00	0,00
700, 701, 702, 703, 704	a) Ventas	0,00	0,00
705, 741, 742	b) Prestacións de servizos	0,00	0,00
(708), (709)	c) Devolucións e "rappels" sobre vendas	0,00	0,00
71	2. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación	0,00	0,00
	3. Outros ingresos de xestión ordinaria	304.388,86	413.837,75
72, 73, 740, 743, 744	a) Ingresos tributarios	0,00	20.566,66
773	b) Reintegros	0,00	2.008,13
78	c) Traballos realizados pola entidade	0,00	0,00
	d) Outros ingresos de xestión	304.388,86	391.262,96
775, 776, 777	d.1) Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	304.388,86	391.262,96
790	d.2) Exceso de provisións de riscos e gastos	0,00	0,00
760	e) Ingresos de participacións en capital	0,00	0,00
761, 762	f) Ingresos doutros valores negociables e de créditos do activo inmovilizado	0,00	0,00
	g) Outros xuros e ingresos asimilados	0,00	0,00
763, 765, 769	g.1) Outros xuros	0,00	0,00
766	g.2) Beneficios en investimentos financeiros	0,00	0,00
768	h) Diferenzas positivas de cambio	0,00	0,00
	4. Transferencias e subvencións	17.890.681,02	17.244.838,12
750	a) Transferencias correntes	17.230.819,39	15.801.166,19
751	b) Subvencións correntes	0,00	0,00
755	c) Transferencias de capital	659.861,63	1.443.671,93
756	d) Subvencións de capital	0,00	0,00
	5. Ganancias e ingresos extraordinarios	0,00	8.618,56
770, 771	a) Beneficios procedentes do inmovilizado	0,00	0,00
774	b) Beneficios por operacións de endebedamento	0,00	0,00
778	c) Ingresos extraordinarios	0,00	8.618,56
779	d) Ingresos e beneficios doutros exercicios	0,00	0,00





ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO A 31/12/2024





LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2024
CLASIFICACIÓN ECONÓMICA (En euros)



AXENCIA
GALEGA DE
SERVIZOS SOCIAIS

LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE GASTOS
LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE GASTOS
RESUME XERAL

SECCION 11 : AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS
SERVIZO A1 : AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS
PROGRAMA 312B: PROG. PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANC

ATA DECEMBRO DE 2024

CA. AR.	DESCRICIÓN	CRÉDITOS PRESUPUESTARIOS			OBRIGAS REC. NETAS	REMANENTES DE CRÉDITO	
		INICIAIS	MODIFICACIÓN	DEFINITIVOS		COMPROMETIDO	NON COMPROMETIDO
1	GASTOS DE PERSOAL						
2	FUNCIONARIOS	2.685.990,00	2.742.326,15	5.428.316,15	6.307.137,12	0,00	-878.820,97
3	LABORAIS	7.001.584,00	-110.126,38	6.891.457,62	6.013.935,37	0,00	877.522,25
6	COTAS, PRESTACIÓNS E GASTOS SOCIAIS	2.669.166,00	-9.420,38	2.659.745,62	2.449.764,73	18.071,97	191.908,92
8	FONDO RETRIBUTIVO	247.215,00	-247.215,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL CAPITULO	12.603.955,00	2.375.564,39	14.979.519,39	14.770.837,22	18.071,97	190.610,20
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZO						
1	REPARACIÓNS, MANTEMENTO E CONSERVAC	148.500,00	0,00	148.500,00	130.411,89	507,10	17.581,01
2	MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS E OUTROS	2.041.300,00	495.000,00	2.536.300,00	2.296.181,49	151.541,77	88.576,74
3	INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓNS DO SERVIZ	1.500,00	0,00	1.500,00	315,47	0,00	1.184,53
	TOTAL CAPITULO	2.191.300,00	495.000,00	2.686.300,00	2.426.908,85	152.048,87	107.342,28
6	INVESTIMENTOS REAIS						
3	INVESTIMENTO DE REPOSICIÓNS ASOCIADO	160.000,00	500.000,00	660.000,00	659.861,63	0,01	138,36
	TOTAL CAPITULO	160.000,00	500.000,00	660.000,00	659.861,63	0,01	138,36
	TOTAL	14.955.255,00	3.370.564,39	18.325.819,39	17.857.607,70	170.120,85	298.090,84



LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE INGRESOS
LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE INGRESOS
RESUME XERAL POR CAPITULOS[illegible]



ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2024
RESULTADO ORZAMENTARIO
(En euros)

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	IMPORTES
1. (+)Operacións non financeiras	18.195.069,88	17.857.607,70	337.462,18
2. (+)Operacións con activos financeiros	0,00	0,00	0,00
3. (+) Operacións comerciais	0,00	0,00	0,00
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2+3)	18.195.069,88	17.857.607,70	337.462,18
II. VARIACIÓN NETA DE PASIVOS FINANCIEIROS	0,00	0,00	0,00
III. SALDO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO			337.462,18
4 (+) Créditos gastados financiados con remanente de tesourería			0,00
IV. SUPERÁVIT DE FINANCIAMENTO DO EXERCICIO (III+4)			337.462,18





MEMORIA A 31/12/2024





ÍNDICE

1. Organización	14
a) Constitución.....	14
2. Bases de Presentación	18
3. Distribución do Resultado	18
4. Principios Contables e Normas de Valoración Aplicados	18
a) Inmobilizacións Materiais	18
b) Debedores	19
c) Obrigas Orzamentarias.....	19
d) Curto/ Longo Prazo.....	19
e) Ingresos e Gastos.....	19
f) Situación Fiscal.....	20
5. Estado Operativo	20
6. Información de Carácter Financeiro.....	20
a) Cadro de Financiamento	20
b) Remanente de Tesouraría.....	21
c) Tesouraría.....	22
d) Fondos Propios	22
7. Información sobre a Execución do Gasto Público.....	22
a) Modificación de Crédito.....	22
b) Remanentes de Crédito.....	25
c) Clasificación Funcional do Gasto.....	27
d) Contratación Administrativa.....	27
e) Persoal	27
f) Anticipos de Tesouraría.....	28
g) Compromiso de Gasto con cargo a Orzamentos de Exercicios Posteriores.....	28
h) Obrigas de Orzamentos Pechados.....	30
8. Información sobre a execución do ingreso público	30
a) Proceso de Xestión	30
b) Debedores Orzamentarios.....	32
c) Dereitos Orzamentarios Pendentes de Cobro segundo o seu Grao de Esixibilidade.....	32
d) Outros Debedores.....	32
e) Compromisos de Ingreso con cargo a Orzamentos de Exercicios Posteriores.....	32
9. Inmobilizado Material	32
10. Gastos con Financiamento Afectado.....	33
11. Saldos Acredores con Administracións Públicas	33
12. Outra Información	34
13. Grao de execución de indicadores e grao de cumprimento dos obxectivos.....	34



1) Organización

a) Constitución, funcións e actividades

A Lei 13/2008 do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, autoriza a Xunta de Galicia para a creación da Axencia Galega de Servizos Sociais, adscrita a consellería con competencias en materia de servizos sociais, como entidade instrumental de dereito público, dotada de personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, facultada para exercer potestades administrativas no marco do cumprimento dos programas correspondentes as políticas públicas de servizos sociais, no ámbito das súas competencias.

Esta Axencia ten como funcións, de conformidade co artigo 36 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, acadar un aproveitamento óptimo, así como racionalizar o emprego dos recursos dedicados os servizos sociais, asegurando o maior nivel de eficacia e eficiencia na xestión e prestación dos mesmos; velar pola plena efectividade do principio de responsabilidade pública na prestación dos servizos sociais; xestionar equipamentos, prestacións económicas, programas e servizos sociais de competencia autonómica; así como coordinar o exercicio das actuacións públicas e privadas en materia de servizos sociais.

Mediante o Decreto 40/2014 do 20 de marzo, crease a Axencia Galega de Servizos Sociais e apróbanse os seus estatutos (DOG 66 do 4 de Abril de 2014).

O modelo instrumental elixido, o de axencia pública autonómica, recollido no artigo 74 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, é o que mellor se adapta as necesidades de autonomía e de flexibilidade na xestión sobre os recursos asignados para o desenvolvemento da política social.

O 1 de xaneiro de 2015 entra en funcionamento a Axencia Galega de Servizos Sociais.

O seu domicilio atópase no Edificio Administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela. O código de identificación fiscal é Q1500405D.

A Axencia Galega de Servizos Sociais atópase adscrita a Consellería de Política Social e Xuventude. Natureza, funcións e competencias: segundo sinalan os artigos 1 e 2 dos estatutos:

A Axencia Galega de Servizos Sociais é unha axencia pública autonómica das reguladas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Esta axencia ten como obxectivo a xestión de servizos públicos en materia de servizos sociais, de acordo co previsto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, e no decreto polo que se aproban os seus estatutos.





A Axencia exercerá as seguintes funcións:

- a) Acadar un aproveitamento óptimo e a racionalización no emprego dos recursos dedicados os servizos sociais, asegurando o maior nivel de eficacia e eficiencia na xestión e prestación dos mesmos.
- b) Velar pola plena efectividade do principio de responsabilidade pública na prestación dos servizos sociais.
- c) Xestionar equipos, prestacións económicas, programas e servizos sociais de competencia autonómica.
- d) Coordinar o exercicio das actuacións públicas e privadas en materia de servizos sociais, promovendo o establecemento de convenios, concertos ou calquera outra fórmula de coordinación ou cooperación que permita unha utilización óptima e racional.

A Axencia Galega de Servizos Sociais ten personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios, así como autonomía de xestión, dentro dos límites que establezan a normativa vixente e os estatutos.

Réxime Xurídico. Segundo sinala o artigo 4 dos Estatutos:

A Axencia rexerase , ademais de polo previsto nos seus estatutos, pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, polas normas regulamentarias que se diten en desenrolo desta Lei, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, así como das demais normas que resulten de aplicación as entidades públicas instrumentais dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma.

A Axencia Galega de Servizos Sociais está sometida o dereito público na formación da vontade dos seus órganos, no exercicio das potestades administrativas que ten atribuídas e naqueles aspectos que, de acordo ca lexislación xeral administrativa, orzamentaria ou de contratación, deba someter o dereito público.

Organización: Segundo sinala o Capítulo I dos Estatutos:

Os órganos da Axencia son:

- a) De goberno
 - A Presidencia
 - O Consello Reitor
- b) De Dirección e Executivo
 - A Dirección



c) Órganos de control

- A Comisión de Control.

Ostentará a Presidencia da Axencia a persoa titular da consellería competente en materia de servizos sociais.

O Consello Reitor e o órgano superior de goberno da Axencia e ten carácter colexiado. Os membros do Consello Reitor serán nomeados pola persoa titular da consellería competente en materia de servizos sociais.

A persoa titular da dirección da Axencia ostentará a Vicepresidencia, esta substituirá á Presidencia en casos de ausencia, enfermidade ou outra causa legal.

Serán vogais do Consello Reitor, 9 persoas en representación da Administración Autonómica e 5 en representación dos concellos de Galicia, cuxo nomeamento e cese realizarase a proposta da Federación Galega de Municipios e Provincias.

A persoa que ocupe a secretaría do Consello Reitor será un funcionario da Axencia, con voz e sen voto, nomeado polo Consello Reitor.

Estrutura Orgánica prevista (na actualidade sen desenvolver):

- a)** Área de Servizos Xerais; órgano con nivel equivalente á subdirección xeral o que lle corresponde a dirección e xestión dos servizos comúns da Axencia, así como das unidades administrativas que estean baixo a súa dependencia. Contará cos seguintes departamentos:

- Departamento de Contratación
- Departamento de Xestión Económica e Coordinación
- Departamento de Recursos Humanos
- Departamento Técnico
- Xurídico

- b)** Área de Escolas Infantís

Órgano con nivel equivalente á de subdirección xeral e con dependencia da Dirección o que lle corresponde a xestión das escolas infantís 0-3 anos en aplicación a Lei 13/2008 do 30 de xuño de apoio a familia e a convivencia de Galicia, e demais normas de procedente aplicación, sen perxucio das competencias que lle correspondan á Área de Asuntos Xerais.

- c)** Área de Benestar

Órgano con nivel equivalente á de subdirección xeral e con dependencia da Dirección, o que lle corresponde a dirección e xestión dos equipamentos de servizos sociais e cuxa xestión sexa atribuída a Axencia Galega de Servizos Sociais.



No seo do Consello Reitor constituírase unha Comisión de Control tal como sinala o artigo 19 dos estatutos, estará composto por catro membros designados por dito órgano, que serán, un representante da Axencia, un representante da consellería competente en materia de servizos sociais, outro representante da consellería con competencias en materia de avaliación e reforma administrativa e outro representante da consellería con competencias en materia de orzamentos. En ningún caso as persoas integrantes da comisión de control serán coincidentes coas do Consello Reitor. As funcións da Comisión de Control veñen recollidas no artigo 20 dos Estatutos da Axencia.

a) Enumeración das Entidades vinculadas o suxeito contable.

A Axencia non posúe participación en ningún organismo autónomo, entidade pública sometida o dereito privado, entidade pública con estatuto xurídico especial nin outras sociedades mercantís distintas das mencionadas anteriormente ou de outro tipo.

b) Bases de presentación das Contas Anuais

Imaxe fiel

As contas anuais do exercicio 2024 foron formuladas polo director da Axencia Galega de Servizos Sociais e someteranse a consideración do Consello Reitor para súa aprobación. Foron preparadas a partir dos rexistros contables da Axencia e preséntanse de acordo co Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, aprobado por Orde da Consellería de Economía e Facenda de 28 de novembro de 2001, de forma que mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico - patrimonial e da execución do orzamento da Axencia.

O director da Axencia estima que as Contas Anuais do exercicio 2024 serán aprobadas polo Consello Reitor sen variacións significativas.

Principios Contables aplicados

Para a elaboración das contas anuais foron seguidos os principios contables establecidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, aplicando as normas de valoración que os desenvolve.

Comparación da información

A información relativa ao exercicio 2023 que se inclúe nesta Memoria preséntase, única e exclusivamente, a efectos comparativos coa información do exercicio 2024.

Cambios en criterios contables

Na elaboración das contas anuais non se produciron cambios nos criterios contables incluídos nas contas anuais do exercicio 2023.

Corrección de erros

Na elaboración das contas anuais non se detectaron erros significativos que supuxesen a corrección dos importes incluídos nas contas anuais do exercicio 2023.



Clasificacións en estados de orzamentos:

- Clasificación orgánica

A Axencia Galega de Servizos Sociais é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, que non presenta unha clasificación orgánica con órganos independentes na súa xestión. Así, a clasificación orgánica da Axencia é o propio centro como un único órgano e, polo tanto, non se confecciona un estado de liquidación do orzamento de gastos por clasificación orgánica (sería o total da execución do orzamento confeccionado).

- Clasificación funcional por programas

A Xunta de Galicia asignoulle a súa clasificación funcional, sendo o programa único da Axencia Galega de Servizos Sociais o 312B.

- Clasificación Económica

A entidade utilizou a clasificación económica autorizada pola Xunta de Galicia (Consellería de Facenda), adecuada á súa xestión e actividade.

2) Bases de presentación

No cumprimento da lexislación vixente o director da Axencia Galega de Servizos Sociais formulou estas contas anuais co obxecto de mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da súa situación financeira, dos resultados das súas operacións, da liquidación do orzamento e dos cambios na situación financeira do exercicio rematado o 31 de decembro de 2024, así como a proposta de distribución de resultados de dito exercicio.

Estas contas anuais preparáronse a partir dos rexistros auxiliares de contabilidade da Axencia.

As contas anuais preséntanse sobre a base dos principios contables esixidos pola lexislación vixente aplicable en vigor.

O director da Axencia estima que as contas 2024 serán aprobadas polo Consello Reitor sen variacións significativas.

3) Distribución do resultado

A proposta de distribución do resultado do exercicio anual rematado ó 31 de decembro de 2024, formulada polo director da Axencia e que se someterá a aprobación do Consello Reitor da Axencia, consiste en traspasar o aforro do exercicio por importe de 991.679,78 euros á conta de resultados positivos de exercicios anteriores.

4) Principios Contables e normas de valoración aplicados



Estas contas anuais fórmulanse de acordo cos principios contables e normas de valoración e clasificación contidas no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. As normas aplicadas son as seguintes:

a) Inmobilizacións materiais

As inmobilizacións materiais valóranse polo seu custe de adquisición ou valor de achega, segundo proceda, e preséntanse netas das súas correspondentes amortizacións acumuladas.

A amortización dos elementos do inmovilizado material realízase sobre os valores de custe ou achega segundo proceda, seguindo o método lineal durante os seguintes anos de vida útil estimados pola Axencia:

Natureza dos bens	Porcentaxe de Amortización
Construcións	3
Instalacións Técnicas e Maquinaria	10
Mobiliario	10

Os gastos de mantemento e as reparacións do inmovilizado material, segundo proceda, que non melloran a súa utilización ou non prolongan a súa vida útil, cárganse á conta do resultado económico- patrimonial no momento en que se incorren.

b) Debedores

A Axencia segue o criterio de dotar aquelas provisións para insolvencias que permiten cubrir os saldos de certa antigüidade ou nos que concorren circunstancias que permiten razoablemente a súa cualificación como de dubidoso cobro.

c) Obrigas orzamentarias

As obrigas orzamentarias figurarán polo importe a satisfacer. Dito valor, que debe considerarse como a cantidade a pagar no momento do seu vencemento, compóranse do principal da débeda máis, no seu caso, as retribucións pactadas.

d) Curto/Longo prazo

No balance clasifícanse a curto prazo os créditos e débedas con vencemento igual ou inferior a doce meses dende a data de peche de exercicio e a longo prazo cando exceden de dito período.

e) Ingresos e Gastos

Os gastos e ingresos que xurdan da execución do orzamento impútanse cando, de acordo co procedemento establecido en cada caso, se ditan os correspondentes actos administrativos. De acordo coa normativa contable aplicable, as transferencias e subvencións recibidas, sexan correntes ou de capital, abónanse a resultados no



momento en que son concedidas. Os ingresos por taxas, prezos públicos e outros ingresos de xestión son recoñecidos na conta de resultados e na liquidación do orzamento no momento en que se recadan. Seguindo o principio de prudencia, a Axencia unicamente contabiliza os ingresos efectivamente realizados ao peche do exercicio, en tanto que os riscos previsibles e as perdas eventuais contabilízanse tan pronto son coñecidos.

f) Situación fiscal

A Axencia Galega de Servizos Sociais é unha entidade adscrita funcionalmente á Consellería de Política Social e Xuventude; segundo o artigo 9 da Lei do Imposto sobre Sociedades está exenta do imposto. De acordo coa Lei do Imposto sobre Sociedades determinadas entidades do sector público están exentas totalmente do imposto (artigo 9). Ademais so tributarán aquelas rendas derivadas de actividades económicas ou mercantís, sempre e cando non presenten exención. Durante o exercicio 2024 a Axencia non realizou rendas que deriven dunha actividade mercantil ou económica e, que polo tanto, sexan rendas suxeitas e non exentas do imposto de sociedades.

5) Estado Operativo

O estado operativo da Axencia correspondente ao exercicio rematado o 31 de decembro de 2024, que inclúe as obrigas e os dereitos recoñecidos no exercicio de acordo coa súa clasificación económica, preséntanse a continuación.

Gastos Orzamentarios	Euros	Ingresos Orzamentarios	Euros
Persoal	14.770.837,22	Taxas, prezos e outros ingresos	304.388,86
Gastos Correntes	2.426.908,85	Transferencias Correntes	17.230.819,39
Investimentos de capital	659.861,63	Transferencias de Capital	659.861,63
TOTAIS	17.857.607,70	TOTAIS	18.195.069,88

6) Información de Carácter Financeiro

a) Cadro de financiamento

O cadro de financiamento da Axencia correspondente aos exercicios rematados o 31 de decembro de 2023 e 2024, en euros, preséntase a continuación:

FONDOS APLICADOS	2023	2024	FONDOS OBTIDOS	2023	2024
1. Recursos aplicados en operacións de xestión			1. Recursos procedentes das operacións de xestión		
c) Servizos exteriores e	2.173.950,68	2.426.908,85			





tributos			e)Taxes, prezos públicos e outros ingresos	422.456,31	304.388,86
e) Gastos de Persoal	13.668.475,15	14.770.837,22	f)Transferencias e Subvencións	17.244.838,12	17.890.681,02
4. Adquisicións e outras altas de inmovilizado					
C) Inmovilizado Material	1.443.671,93	659.861,63			
TOTAL APLICACIÓNS	17.286.097,76	17.857.607,70	TOTAL APLICACIÓNS	17.667.294,43	18.195.069,88
EXCESO DE ORIXES/ APLICACIÓNS (Aumento do capital circulante)	381.196,67	337.462,18	EXCESO DE ORIXES/ APLICACIÓNS (Diminución do capital circulante)		

b) Remanente de Tesouraría

O estado do remanente de tesourería da Axencia a 31 de decembro de 2024 é o seguinte:

CONCEPTOS	EUROS
1.(+) Dereitos pendentes de cobro	3.530.426,02
(+) do Presuposto Corrente	3.530.426,02
(+) de Presupostos Pechados	0,00
(+) de Operacións non Orzamentaria	0,00
(-) Cobros Pendentes de Aplicación	0,00
2.(-) Obrigas pendentes de pago	0,00
(+) do Presuposto Corrente	0,00
(+) de Presupostos Pechados	0,00
(+) Administracións Públicas	0,00
(-) Pagos Pendentes de Aplicación	0,00
3.(+) Fondos Líquidos	0,00
I.- Remanente de Tesouraría (1-2+3)	3.530.426,02
II. Remanente de Tesouraría afectado	0,00
I.- Remanente de Tesouraría non afectado	3.530.426,02

A Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, indica no seu artigo 10 que as Axencias públicas autonómicas para a incorporación do remanente de tesourería non afectado, aplicarán o disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral do sector público autonómico de Galicia.

De non realizarse a incorporación, procederase conforme ao disposto neste artigo para





os organismos autónomos e os entes públicos empresariais, que indica que transferirán ao orzamento da Administración Xeral da Comunidade Autónoma o importe do “remanente de Tesourería non afectado” resultante da liquidación do anterior exercicio orzamentario. No obstante, e coa finalidade de evitar que se produzan eses remanentes, a Consellería de Facenda poderá limitar os libramentos de fondos a estas entidades en función do seu nivel de execución orzamentaria.

c) Tesouraría

O estado de tesourería da Axencia correspondente ao exercicio rematado a 31 de decembro de 2024 presentase a continuación:

CONCEPTOS	EUROS
4. COBROS	16.670.242,37
(+) do Presuposto Corrente	14.360.255,00
(+) de Presupostos Pechados	2.309.987,37
(+) de operacións non orzamentarias	0,00
5. PAGOS	17.861.639,59
(+) do Presuposto corrente	17.798.885,62
(+) de Presupostos Pechados	62.753,97
(+) de operacións non orzamentarias	
- retencións e seguridade social	
I. Fluxo neto de tesouraría do exercicio (1-2)	3.530.426,02
6. Saldo inicial da Tesouraría	
II.- Saldo final da Tesouraría (1+3)	

d) Fondos Propios

O movemento en 2024 no epígrafe de “Fondos Propios” do balance é o seguinte (en euros):

	Saldo 31/12/2023	Altas	Traspasos	Outros Movementos	Saldo 31/12/2024
I. Patrimonio	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
III. Resultados de Exercicios Anteriores	7.694.043,15	0,00	1.816.678,48	0,00	9.510.721,63
IV. Resultado do Exercicio	1.816.678,48	991.679,78	-1.816.678,48	0,00	991.679,78

7) Información sobre a execución do gasto público

a) Modificación de crédito



A Axencia Galega de Servizos Sociais elaborou o orzamento correspondente ao exercicio rematado o 31 de decembro de 2024 tendo en conta a natureza económica dos ingresos e dos gastos así como as finalidades e obxectivos que se propoñen conseguir. O citado orzamento é público, único e equilibrado. A súa estrutura e o seu sistema contable axústanse as normas que con carácter xeral se establecen para o sector público a efectos de normalización contable. Os créditos iniciais son os asignados a cada partida orzamentaria no presuposto aprobado para cada exercicio nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. Os créditos definitivos veñen determinados polos créditos iniciais aumentados ou diminuídos como consecuencia de modificacións orzamentarias, que se realizan 13 conforme ao disposto no Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia. Os créditos iniciais presupostados en euros para o exercicio 2024, e posteriormente modificados, foron:



CONTABILIDADE PRESUPUESTARIA – ESTADO DE EXECUCIÓN – EJERCICIO CORRENTE
POR CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

Data desde: 01/01/2024 Data até: 31/12/2024

EXERCICIO CONTABLE: 2024

SECCION: 11 AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS
SERVIZO: A1 AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS
PROGRAMA: 312B PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA

[illegible]

b) Remanentes de crédito

O detalle dos remanentes de crédito da Axencia correspondentes ao exercicio rematado a 31 de decembro de 2024, atendendo á clasificación económica do gasto en euros, recóllese na seguinte táboa:



ATA DECEMBRO DE 2024

CCF001



c) Clasificación funcional do gasto

A Axencia Galega de Servizos Sociais integrase nos orzamentos da Xunta de Galicia no Programa 312B PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA.

d) Contratación administrativa

O detalle da contratación administrativa vixente durante o exercicio 2024 é o seguinte:

Tipo de Contrato	Capítulo	Importe
Servizos	Capítulo II	1.041.835,13
Subministracións	Capítulo II	1.363.820,01
Investimentos	Capítulo VI	659.861,63
TOTAL		

e) Persoal

O Decreto 40/2014 do 20 de marzo, na disposición adicional primeira.3 establece que a Axencia Galega de Servizos Sociais asumirá dende a súa posta en funcionamento as competencias atribuídas en materia de xestión das escolas infantís da extinta Dirección Xeral de Familia e Inclusión, actual Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. A nova entidade subrogarase en tódalas relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas derivado do exercicio de ditas competencias. Na disposición adicional terceira do dito decreto, establécese que quedarán adscritos a Axencia, no momento da súa posta en funcionamento, as unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior a servizo previstos na relación de postos de traballo correspondentes a Dirección Xeral de Familia e Inclusión, actual Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica que teñan atribuídas funcións relativas as competencias da Axencia Galega de Servizos Sociais de acordo co disposto na disposición adicional primeira do decreto.

Estas unidades e postos de traballo continuarán subsistentes e serán retribuídos con cargo os créditos orzamentarios da Axencia ata que se aprobe a relación de postos de traballo correspondente a esta, adaptada á estrutura orgánica establecida nos seus estatutos.

A distribución funcional por xénero do persoal da Axencia a 31 de decembro de 2024 era o seguinte:

Categoría Profesional	Número de Empregados		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
XERENTE	1	0	1
AXUDANTE/A DE COCIÑA	1	29	30



CAMAREIRO/A – LIMPADOR/A	3	107	110
DIRECTOR/A ESCOLA INFANTIL	1	26	27
EDUCADOR/A	0	1	1
MESTRE/A ESPECIALISTA EN EDUCACIÓN INFANTIL	1	13	14
OFICIAL 1ª COCIÑA	12	12	24
PEÓN/OA	1	1	2
TÉCNICO/A ESPECIALISTA XARDÍN DE INFANCIA	1	218	219
TOTAL A 31/12/2024	21	407	428

O número medio de persoas empregadas pola Axencia no curso do exercicio 2024 ascendeu a 412,89 persoas.

f) Anticipos de tesourería

Durante o exercicio 2024 á Axencia non lle foi concedido ningún anticipo de tesourería dos regulados no artigo 63 do Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

g) Compromiso de gasto con cargo a orzamentos de exercicios posteriores

A continuación, detállanse os saldos dos compromisos de gasto adquiridos pola a Axencia ao 31 de decembro de 2024, imputables a orzamentos de exercicios sucesivos:



RESUME POR CAPITULO

ATA DECEMBRO DE 2024

[illegible]



h) Obrigas de orzamentos pechados

A 31 de decembro de 2024 non existían obrigas pendentes de pagamento por orzamentos pechados.

8) Información sobre a execución do ingreso público

a) Proceso de xestión

Os dereitos recoñecidos netos pola Axencia Galega de Servizos Sociais durante o exercicio rematado a 31 de decembro de 2024, atendendo á clasificación económica do ingreso, recóllense na seguinte táboa:



ATA DECEMBRO DE 2024

CCF011

b) Debedores orzamentarios

O saldo do epígrafe “Debedores orzamentarios” do balance refírese principalmente a Xunta de Galicia.

c) Dereitos orzamentarios pendentes de cobro segundo o seu grao de esixibilidade

A 31 de decembro de 2024 a Axencia ten dereitos orzamentarios pendentes de cobro por importe de 3.530.426,02 euros.

d) Outros debedores

A 31 de decembro de 2023 e 2024 esta partida inclúe o saldo das liquidacións de efectivo pendentes de realizar polo Tesouro en favor da Axencia.

e) Compromisos de ingreso con cargo a orzamentos de exercicios posteriores

Os compromisos de gastos futuros serán financiados polos fondos que o Consello da Xunta de Galicia aprobe destinar a Axencia durante exercicios futuros. Polo tanto, non existen compromisos de ingreso con cargo a orzamentos de exercicios posteriores ao 31 de decembro de 2024.

9) Inmobilizacións materiais

O movemento dos exercicios 2023 e 2024 nas diferentes contas do inmovilizado material e das súas correspondentes amortizacións acumuladas son os seguintes:

Exercicio 2023

Estado de movementos do Inmovilizado Material, Terreos e Construcións, Instalacións Técnicas e Mobiliario do Exercicio Actual	Terreos e Construcións	Instalación Técnicas e Maquinaria	Mobiliario
A) SALDO INICIAL BRUTO, EXERCICIO 2023	4.032.357,88	345.793,70	318.916,89
(+) Entradas	1.354.618,27	89.053,66	0,00
B) SALDO FINAL BRUTO, EXERCICIO 2023	5.386.976,15	434.847,36	318.916,89
C) AMORTIZACIÓN ACUMULADAS, SALDO INICIAL EXERCICIO 2023	508.372,29	413.836,77	411.149,09
(+) Dotación á Amortización do	0,00	0,00	0,00



Exercicio			
D) AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO FINAL EXERCICIO 2023	508.372,29	413.836,77	411.149,09
SALDO NETO A 31/12/2023	4.878.603,86	21.010,59	-9.2232,2

Exercicio 2024

Estado de movementos do Inmobilizado Material, Terreos e Construcións, Instalacións Técnicas e Mobiliario do Exercicio Actual	Terreos e Construcións	Instalación Técnicas e Maquinaria	Mobiliario
B) SALDO INICIAL BRUTO, EXERCICIO 2024	5.386.976,15	434.847,36	318.916,89
(+) Entradas	616.522,05	43.339,58	0,00
C) SALDO FINAL BRUTO, EXERCICIO 2024	6.003.498,20	478.186,94	318.916,89
D) AMORTIZACIÓN ACUMULADAS, SALDO INICIAL EXERCICIO 2024	508.372,29	413.836,77	411.149,09
(+) Dotación á Amortización do Exercicio	0,00	0,00	0,00
D) AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO FINAL EXERCICIO 2023	508.372,29	413.836,77	411.149,09
SALDO NETO A 31/12/2024	5.495.125,91	64.350,17	0,00

As adicións do exercicio 2024 (construción, maquinaria e instalacións técnicas) corresponden a diversas actuacións de mellora na eficiencia enerxética e a reposición de maquinaria de cociña/lavandaría nas escolas infantís.

A 31 de decembro de 2023 e 2024 ningunha das inmovilizacións materiais da Axencia se atopaba totalmente amortizada.

Todos os bens son de libre disposición, non estando afectados por cargas de ningún tipo, agás as construcións activadas, que son as obras realizadas pola Axencia, cuxa titularidade é da Xunta de Galicia.

Non existen compromisos adquiridos nin opcións de compravenda.

Todas as inmovilizacións materiais están afectadas á xestión e en uso por parte da Axencia.

Ao o peche do exercicio a Axencia non ten rexistrados os bens recibidos en adscrición ou cesión, ao carecer de documentación xustificativa que permita a valoración contable dos mesmos.

10) Gastos con financiamento afectado.

A Axencia non ten gastos con financiamento afectado a 31 de decembro de 2024.

11) Saldos acredores con Administracións Públicas

A 31 de decembro de 2024 a Axencia tiña saldos pendentes de pagamento con



Administracións Públicas en concepto de Retencións do Imposto sobre la Renda das Persoas Físicas (IRPF) e cos Organismos da Seguridade Social sumaban o importe de 395.526,42 euros.

12) Outra información

Ata a data de formulación destas Contas Anuais non se produciron acontecementos relevantes alleos á operativa habitual da Axencia que non foran descritos nas mesmas .

13) Grao de execución de indicadores e grao de cumprimento dos obxectivos

A Axencia Galega de Servizos Sociais contou en 2024 con indicadores dun obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia, o E1.PA02.E01 (Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen, a través do desenvolvemento de actuacións integrais. Impulsar políticas de conciliación para que a crianza dos fillos e fillas e o coidado de persoas dependentes non supoña unha eiva profesional, en especial para as mulleres).

Este obxectivo estratéxico reúne os indicadores que definen o funcionamento da Axencia. A continuación resúmese o desempeño nos indicadores de resultado:

R1201a - Taxa de escolarización de poboación de 0 a 3 anos: 60,52%. Galicia segue a ser por segundo ano consecutivo a comunidade autónoma coa taxa de escolarización máis alta de España superando en máis de 12 puntos a media estatal. Datos Ministerio de Educación.

R1201b - Porcentaxe de menores en situación de acollemento familiar sobre o total de menores en situación de acollemento (residencial e familiar): 61,30%. Moi positiva. Alcanzado e superado dato previsto para 2025.

R1201c - Taxa bruta de natalidade (Número de nacementos por cada 1.000 habitantes): 5,18 por mil. Mantense a tendencia. Datos INE.

R1201d - Indicador conxuntural de fecundidade (número medio de fillos por muller): 0,99. Mantense a tendencia. Datos INE.

Polo que respecta aos obxectivos operativos, é preciso destacar que no que respecta á execución financeira en todos os casos se cumpriu ou se superou amplamente.

A continuación resúmese o indicadores de produtividade deste obxectivo estratéxico E1.PA02.E01:



Obxectivo operativo E1.PA02.E01.OO02 - Accións de fomento da conciliación da vida persoal, familiar e laboral :

-- Indicador de produtividade D0C035 - Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas. O valor realizado é 2.283, que se corresponde co conxunto de prazas dos que dispón a Axencia. O indicador correspóndese co previsto e, en consecuencia, o obxectivo está cumprido.

-- Indicador de produtividade P00026 - Actuacións de melloras en centros. O valor realizado é 24. Actuacións de mellora na práctica totalidade das escolas que dependen da Axencia. Obxectivo cumprido.

En xeral, considérase que a actividade desta Axencia se axustou ao previsto e se conseguiron os obxectivos.

